

Situación Actual das Negociacións no ensino concertado tras as Eleccións Autonómicas Galegas

Queremos informaros que, tras as eleccións autonómicas do 18 de febreiro, FSIE-Galicia sigue á espera de concretar os logros alcanzados nas negociacións previas coa Consellería de Educación. Antes das eleccións, conseguimos importantes compromisos, que de concretarse beneficiarán ao noso colectivo, entre os que destacan:

1. **Implementación do Acordo de Xubilación Parcial:** A Consellería de Educación comprometeuse a levar a cabo este acordo, o que facilitará unha transición máis xusta e eficiente para os nosos docentes.
2. **Pago do Complemento para Coordinadores de Equipos de Dinamización da Lingua Galega:** Esiximos que se pague o complemento económico ao que teñen dereito e así conseguir a equiparación cos seus homólogos na ensinanza pública. Unha medida que defende a igualdade e a legalidade sen supor un custo excesivo. Lembremos que nos avala o RD 79/2010 do plurilingüismo.
3. **Estudo da Homologación Salarial coa Ensinanza Pública:** Para promover unha remuneración equitativa, solicitamos a equiparación dos salarios cos profesionais da ensinanza pública.

A resposta da Consellería foi positiva respecto á implementación do acordo de xubilación parcial e ao pagamento do complemento aos coordinadores dos equipos de dinamización da lingua galega, comprometéndose a abordar estas cuestións con celeridade. Ademais, traballárase na homologación salarial, buscando unha solución xusta para todos.

Estaremos moi atentos aos nomeamentos na Consellería de Educación para solicitar canto antes unha nova reunión e seguir avanzando na mellora das condicións laborais e salariais das traballadoras e dos traballadores do ensino concertado.

Agradecemos a vosa atención e compromiso.

#OutroSindicalismoÉPosible